

PREGÓN DAS FESTAS DE SAN RAMÓN Vilalba, 30-8-2007 / Celso Currás Fernández

Cando me chamou José María García-Leira Boado, concelleiro de cultura, en representación do Concello de Vilalba, para ofrecermos a lectura deste pregón, deume unha gran alegría, sobre todo porque eu levo sangue desta querida terra. Sr. Alcalde, Sras. Concelleiras e Sres. Concelleiros, benquerido José María: agradecemento e honra por terme dado esta entrañable responsabilidade nas festas patronais de Vilalba.

Meu Pai era de Vilalba, da parroquia de San Xoán de Alba e concretamente do lugar de Galiñeiro. Alí pasou a infancia e parte da xuventude. Casou logo na Mariña, concretamente en Trabada, concello do que é fillo adoptivo e no que pasou a maior parte da súa vida, destacando como mestre e como político pero, sobre todo, como ben saben moitos dos aquí presentes, como persoa boa e honesta. Os seus fillos nacemos en Trabada pero sempre estivemos estreitamente unidos a Vilalba. Aquí vimos con frecuencia, aquí temos parentes e bos amigos e aquí facemos parada nas nosas constantes viaxes desde Santiago á Mariña.

O traxecto desde Baamonde a Vilalba é moi fermoso. Despois de Pígara, no veciño concello de Guitiriz, atravesamos a ponte de Súa sobre o río Labrada; pasamos por Insua e Torre e chegamos a Alba, parroquia que ten a honra, non só de levar parte do nome do concello, senón tamén de contar cun dos conxuntos megalíticos máis sobresaíntes de Galicia: a metrópole de Roza das Modias, formada por sete túmulos da Idade de Pedra. Inmediatamente despois, en Boizán, desde o Alto do Fielato e preto dun famoso castro, vemos xa a vila - capital, situada nun outeiro. Antes de subir a el, atravesamos a emblemática ponte dos Novos, sobre o río Ladra, que xa recolleu as augas do Trimaz e do Magdalena. A nova autovía do Cantábrico non vai permitir gozar destas fermosas paisaxes nin parar cando un quere. Menos mal que nos queda, e seguro que con moito menos tráfico, esta estrada de sempre, que ben coñecemos palmo a palmo.

En Vilalba paramos a facer un descanso e mercar dous produtos insuperables: o queixo de San Simón, con denominación de orixe e afumado con leña de bidueiro, abondosa nestas terras; e o roscón de améndoa, para min o doce máis rico. A finais de decembro non nos esquecemos dos capóns, que como dixo Amor Meilán, a principios do pasado século, só eran igualados en fama polas zocas fabricadas neste concello.

Vilalba denominábase, hai uns 15 séculos, *Santa María de Montenegro*, segundo o historiador Manuel Mato Vizoso. Carreras Candi, na súa clásica obra de principios do XX, *Geografía del Reino de Galicia*, fai referencia a *Villa Alba* ou mesmo a *Villa Alvaro*, segundo un antigo documento. Vilalba ten unha longa historia, moi vinculada á dinastía dos Andrade e cunha importante actividade cultural nos séculos XIX e XX. É berce de destacados escritores, historiadores, pintores, políticos, relixiosos ou xornalistas. Hoxe é un concello ben comunicado e cun notable desenvolvemento económico, cultural e educativo.

A principios do pasado século o ensino público estaba encomendado a 17 escolas nacionais, das cales, dúas de nenos e dúas de nenas, atopábanse na capital. Hoxe Vilalba conta con dous institutos de ensino secundario, un deles especializado en formación profesional, cinco centros de educación infantil e primaria e dúas escolas de educación infantil. No ámbito musical, unha das grandes afeccións desta terra e na que veñen participando parentes meus, cóntase co Conservatorio; a *Banda de música*, que recolle unha gran tradición de bandas populares nesta vila; e tamén a *Coral Polifónica Vilalbesa*, da que teño a satisfacción de ser “socio de honra”. O seu Director, Don Uxío García Amor, párroco de Santa María, é fillo predilecto de Trabada.

Pero Vilalba xa contaba cun instituto de ensino medio hai máis de setenta anos. A historia é longa. No ano 1908 morre o terceiro Conde de Pallares, Manuel Vázquez de Parga y Somoza. Algúns vilalbeses deciden facerlle un monumento polos seus moitos servizos á comarca; inicialmente pénsase nunha estatua pero logo decídese construír un hospital - asilo. Créase unha comisión cos principais dirixentes da sociedade vilalbesa, e solicítase axuda dos paisanos residentes nas Antillas e tamén das institucións públicas. A deputación concede 15.000 pesetas e o concello 4000.

A finais do ano 1909 créase na Habana a *Unión Villalbesa y su comarca*, sendo un dos seus primeiros obxectivos o financiamento do referido hospital, para o cal envíanse cartos nos seguintes anos. En 1911 mércase o terreo onde se levantará o edificio, “nun lugar ben venteado, fóra do núcleo urbano pero non moi lonxe das casas”. Como todos Vostedes ben saben, estámonos a referir a actual residencia para persoas maiores, situada á saída de Vilalba, na estrada de Ferrol.

O edificio remátase no ano 1929 pero por diversas razóns, principalmente de carácter económico, non se dedica a hospital, como inicialmente estaba previsto. No ano 1933, un *Decreto do Ministerio de Instrucción Pública* establece que as vilas que queiran obter a creación dun centro de segunda ensinanza, poden solicitalo ó Goberno, ofrecendo un local gratuíto que reúna as condicións para este fin. Créase unha *Comisión pro Instituto* presidida polo entón alcalde, Jesús Ramil Cillero, e ofértase ó Ministerio o edificio, concibido inicialmente como hospital - asilo, para ser dedicado a centro de ensino medio.

Despois de moi diversas xestións, o Ministerio de Instrucción Pública autoriza a Vilalba, o 26 de agosto de 1933, un colexio subvencionado de segunda ensinanza, sempre que se contribuíra, para o seu sostemento, coa suma de 15.000 pesetas anuais, das que se fan cargo o concello e a deputación. Por fin, o tan desexado colexio - instituto, como lle chamaba a prensa daqueles días, inaugúrase o 3 de decembro do ano 1933, un día de choiva pertinente e tenaz, data de inesquecibles recordos, que quedou gravada na historia de Vilalba, como diría o *Faro Villalbés* quince días despois.

Este cambio de uso foi moi beneficioso para Vilalba e a súa comarca, pois permitiu o acceso á segunda ensinanza de moitos mozos e mozas, en igualdade de condicións, que non poderían estudar fóra da súa terra. Ben sei que a historia é moito máis longa e que ten outros matices. Algúns de Vostedes poderían contala mellor porque a viviron directamente. Pero eu quería facer esta referencia histórica para recordar, con grande sentimento, que neste instituto estudou meu pai, quen moito me ten falado del e do seu querido compañeiro, Manuel Fraga, aquí presente, de quen se fixo ademais bo amigo. Tenme contado curiosas anécdotas e destacado a portentosa capacidade intelectual e memorística de Manolo, como el lle chamaba.

O *Faro Villalbés* do día 28 de xuño do ano 1936 deixaba claro que, no instituto elemental *Manuel Murguía*, se Celso Currás López era un estudante de sobresaínte, Manuel Fraga Iribarne era de matrícula. ¡Quen lles ía dicir a aqueles dous rapaces estudosos que medio século despois Galicia tería un goberno de seu, presidido durante 16 anos por Don Manuel e contando entre os seus conselleiros co fillo do seu compañeiro, é dicir, quen humildemente lles está a falar a vostedes. ¡Sempre agradecido, Don Manuel, pola súa confianza e polo moito que aprendemos ó seu lado! A actual sociedade necesita máis homes coma vostede: serios, honestos, traballadores, altruístas ...

A historia deste entrañable instituto, non rematou ben. Despois do comezo da *Guerra civil*, a principios do ano 1937, deixou de funcionar como centro educativo para dedicarse a fins sanitarios, co conseguinte prexuízo para os xoves da comarca que querían estudar. Bastantes anos despois, Don Manuel Fraga promovía a creación dun instituto de ensino medio (hoxe chamado *Basanta Silva*) o cal, xunto coa espléndida biblioteca pública, daba nacemento, nesta vila, á *Cidade Cultural Manuel Fraga Iribarne*.

Este ano estase a celebrar tamén en Vilalba un aniversario entrañable. Refírome ó centenario da creación da *Liga Santaballese de Educación e Instrución*. Para a organización dos actos de homenaxe creouse unha Asociación de Amigos da Liga Santaballese e un Comité do Centenario. Felicito a todos os responsables polo labor que están levando a cabo e agradezo moito que tivesen contado comigo para participar no evento, en especial ó profesor Pombo Mosquera, secretario da citada Asociación, e aquí presente.

De Santaballa era miña aboa e alí teño familia. Foi para min unha satisfacción poder falar de educación diante dun numeroso grupo de veciños e de autoridades encabezadas polo Sr. Alcalde. Como tamén o foi, pouco tempo despois, asistir a uns entrañables actos: misa ó aire libre, oficiada polo Sr. Bispo e multitudinario xantar de confraternidade, nos que unhas mil persoas puideron recordar, con gran emoción, o importantísimo labor levado a cabo polos moitos emigrantes desas terras.

Este centenario ten un fondo significado, non só para Vilalba senón tamén para toda Galicia. Os emigrantes fixeron un impresionante esforzo para axudar economicamente á súa terra e mellorar a cultura e a educación, principalmente a finais do século XIX e principios do XX. Naceron, con este fin, moitas agrupacións e sociedades, as cales, entre outras diversas accións, crearon escolas e centros culturais nos seus lugares de orixe. Vilalba foi un dos concellos de Galicia onde máis centros deste tipo se fundaron. E así podemos falar, ademais da xa citada de Santaballa, das escolas de Árbol, Belesar, Boizán, Bordelle, Carballido, Codesido, Corbelle, Tardade e Distriz, Fontepiñón, Goiriz, Lanzós, Mourence, Samarugo, San Simón ou Vilapedre. Un recordo entrañable para todos, xente coñecida e xente anónima, que traballou arreo para facer posible tanta educación, tanta cultura, tanta prosperidade desta comarca.

A creación destes centros docentes tivo unha importancia fundamental na historia da educación en Galicia. Eran tempos nos que os gobernos non se preocupaban do ensino; carecíamos dos máis elementais recursos materiais e humanos e había un altísimo índice de analfabetismo e de absentismo escolar. A maior parte das escolas eran de carácter privado, relixiosas ou ben as coñecidas como escolas de tempada ou de ferrado. Nestas, unha persoa sen título e sen preparación “poñía” escola, percibindo, por tempada, un ou máis ferrados, normalmente de centeo ou de millo. Os locais onde se situaban estas escolas eran pésimos e carentes das mínimas condicións de habitabilidade e hixiene.

A finais do ano 2004 inauguraba Don Manuel Fraga, en Santiago, o *Museo Pedagógico de Galicia*, que tiveron a honra de promover. Nel pódense ver reproducidos este tipo de centros docentes, xunto cun detallado percorrido pola historia da educación en Galicia. Recomendolles que o visiten.

Sen embargo, as escolas creadas pola emigración, en moitos lugares de Galicia, nacían cunhas condicións arquitectónicas totalmente descoñecidas daquela aquí e mesmo en España. Bos materiais; locais amplos e luminosos; existencia, en moitos casos de bibliotecas, laboratorios ou talleres. O mesmo ocorría coas dotacións de materiais didácticos: dispúñase de libros, láminas, mapas, aparatos de proxección, máquinas de escribir, etcétera.

Pero se estes aspectos materiais eran fundamentais, aínda o eran máis a cualificación do profesorado, os principios pedagóxicos e a organización escolar que rexían estas escolas. As innovacións educativas introducidas en España pola Lei Moyano ou pola *Institución Libre de Enseñanza*, unhas décadas atrás, non tiñan asentado no noso sistema educativo. Pero as escolas habaneiras recolleron as novas orientacións didácticas e metodolóxicas da Escola Nova europea e americana que logo tardarían moitos anos en xeneralizarse no noso sistema educativo. Figuras de referencia eran Montessori, Decroly, Freinet e mesmo Rousseau.

Fomentábase unha educación integral e racional; unha aprendizaxe intuitiva e práctica fronte á memorística e dogmática. Prestábase gran atención ó estudo do entorno natural, potenciando os paseos e excursións con fines instrutivos e creando centros de experimentación agrícola. A organización pedagóxica era graduada e cíclica e concedíase gran importancia á educación física, ós traballos manuais ou ó ensino de idiomas. A maior parte do horario escolar estaba dedicado ás materias instrumentais, é dicir, lingüística e matemática. Con respecto á *Liga Santaballea* hai que destacar, ademais, que foi unha das poucas escolas da emigración que no seu plan de estudos incluía a aprendizaxe da lingua galega, así como da nosa literatura, historia e xeografía.

Todo isto, Sras. e Sres., fálanos do impresionante labor levado a cabo polos nosos emigrantes, grazas ós cales, nestes centros de educación primaria, moito avanzou a nosa educación. Parece mentira que hoxe, case cen anos despois, sigan vixentes moitas das preocupacións daquela época: potenciación da comprensión lectora, da boa expresión oral e escrita, da capacidade de razoamento matemático e científico ou da aprendizaxe de idiomas. E que teñan abertas polémicas que non conducen a unha mellora do noso ensino. Hoxe non necesitamos máis materias, e menos aínda con sesgo ideolóxico; tampouco queremos enfrontamentos entre as nosas linguas. Precisamos abranguer menos e apertar máis; potenciar valores permanentes como o esforzo, a responsabilidade, a boa educación ou o respecto; e reforzar a educación familiar e o apoio ós nosos mestres e profesores.

Pero non nos poñamos tan serios. ¡Estamos de festa! Festa pois, amigos e amigas, neste escenario incomparable, nesta marabillosa vila aberta á modernidade, máis tamén chea de memoria. Alguén escribiu que a paz do pobo é compañeira do viño e do pan, o que equivale a dicir que a paz constrúese sobre o benestar, sobre a abundancia das cousas necesarias. Eu convertería o binomio en trinomio e diría: a paz do pobo está feita de pan, viño e festa.

Son estes días para encher o corazón de cantares e os beizos de caraveis. Días para acumular experiencias ledas, para encher as adegas dese viño da alegría que non se acede porque está gardado no mellor da memoria, porque está feito coas uvas da amizade e da harmonía familiar. Días para valorar a grandeza de vivir nun país que está en paz e para mandar as nosas enerxías máis positivas a aqueles pobos que están mergullados en conflitos. Días para a convivencia, que tan ben sabe practicar a nosa xente cos veciños que proceden doutras terras ou doutras culturas, porque entenden que, como dixo Rosalía, “toda a terra é dos homes”.

Días, en fin, para honrar a dous bos patróns, San Ramón e Santa María. Por certo, que o meu segundo nome é Ramón. Unha razón máis para sentirme moi satisfeito nestas festas. San Ramón protexe ás mulleres encintas, ás comadroas e ós acabados de nacer. Hai un dito que figura no *Diccionario dos nomes galegos* de Ferro Ruibal, que di:

As mulleres cando paren
acórdanse de San Ramón
pero non se acordan do santo
cando están na función.

Todos necesitamos alegría, evasión, festa; necesitamos fuxir da vida real, non sempre alegre nin doada. Convennos, de cando en vez, internarnos no mundo ilusorio e fantástico. A sa diversión non é frivolidade senón, pola contra, algo consubstancial ás mulleres e ós homes de ben, que buscan nela novo estímulo, novas forzas, para continuar coas tarefas serias e obrigadas da nosa vida. Vilalba brinda, coma todos os anos, unha boa ocasión para a diversión, abrindo as súas máis brillantes páxinas do libro das festas de San Ramón e Santa María. A vosa hospitalidade, o sentido do fogar, os lazos familiares que se conservan como feroso tesouro herdado dos nosos antepasados, son faros que resplandecen, que atraen, que serven de aglutinantes, de voz que chama, invisible pero clara, ó máis tenro e recóndito da nosa alma.

Queridas amigas, queridos amigos, o diccionario di que o pregón é un discurso eloxioso no que se anuncia ó público a celebración dunha festividade e se lle incita a participar nela. A festividade eu creo que xa está ben anunciada e en canto á incitación, coñecendo como creo coñecer ás vilalbesas e vilalbeses, non ha facer falta. Cando tocan a traballar, non os hai máis traballadores pero tamén cando tocan a bailar, a cantar, a troulear, a gozar da festa nunha palabra, saben vostedes facelo coma ninguén.

Antes de rematar este pregón, quero ter un recordo moi entrañable para todos os que se foron pero están sempre presentes na nosa memoria; tamén para todos os que están ausentes e non poden acompañarnos nestes días; e igualmente para aqueles que, nas súas casas ou en centros sanitarios, teñen problemas de saúde e non poden gozar como quixeran destas festas.

E remato cuns versos que non corresponden a ningún poeta de sona senón a un gaiteiro que versificaba co instinto co que a natureza dota a algunhas persoas. Permítanme que, tendo en conta que este é o ano de Santaballa, eu elixira uns versos de Caetano Arias, gaiteiro desta fermosa parroquia. O poema titúlase *Belezas dun pobo* e foi publicado íntegro en *El Eco de Villalba* do ano 1912, por San Ramón. Selecciono catro estrofas:

Villalba da miña vida
¡Eu como te hei olvidar
Con tantas cousas bonitas
Como tes que admirar!

Ese castelo, esas torres
Ben poido decir sen medo
¡Coma elas hai moi pouquiñas
Eu non sei se as de Toledo

Despois esas carreteras
En ti se veñen xuntar
Son catro e fan unha cruz
Un pouco treangular

O poema remata con esta estrofa:

Vide ver as festas
¡Háivolas moi boas!
E vedes todo esto
Polo San Ramón

Vilalbesas e vilalbeses; amigas e amigos. ¡SAÚDE E FESTA!